



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL DE (2) OFICIAIS DE PRIMEIRA E (2) PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PEL-CONCELLOS 2023 (EXPDTE. 2023/E001/000003)

SEGUNDA FASE. PROBA PRÁCTICA.

En Ordes, a 7 de xuño de 2023, sendo as once horas e trinta minutos reúnese na parcela 78 do parque empresarial de Merelle, Ordes o Tribunal que ha de xulgar a SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) OFICIAIS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS, convocada por decreto da Alcaldía nº 493/2023, de data 03/04/2023.

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego, Tesoureira municipal.

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.

Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Oficial Primeira da Brigada municipal de obras.

Yolanda Cela Villaverde, Axente de emprego e desenvolvemento local.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, funcionaria municipal.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) á realización da proba práctica relacionada coas funcións do posto a desempeñar.

O Tribunal propón como proba a realizar a actuación seguinte: realización dun circuíto de fontanería consistente en dúas entradas (unha da rede e xeral e outra de un pozo) para o subministro a un rego e a unha billa dunha vivenda, debendo nestes dous últimos casos colocar unha chave de paso para poder abrir e pechar o subministro, cunha duración máxima de trinta minutos.

A puntuación máxima que se pode obter nesta segunda fase é de 4 puntos,

Valorada a proba realizada, e en especial a pericia propia do oficio ou labor, e a celeridade na súa execución, o Tribunal outorga as puntuacións seguintes:

ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
CANDAL BESTILLERIO, JESÚS	***5421**	1,00 (*)
CANDAL CALVO, JOSÉ ANDRES	***5949**	0,00 (*)
COUSO MESIAS, JUAN CARLOS	***1451**	3,00
IGLESIAS DEL RIO, MANUEL ANTONIO	***6563**	4,00
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	3,90
SILVEIRA VARELA, JOSE MANUEL	***5787**	1,00 (*)
SUAREZ MORLAN, MANUEL	***9951**	N.P.
VARELA MARZOA, JESUS	***1948**	0,50 (*)



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

(*) Resultarán eliminados os/as aspirantes que non cheguen á metade da puntuación máxima desta fase

(**) Os aspirantes dispoñen dun prazo de cinco días hábiles, desde o día seguinte á publicación do resultado da valoración proba práctica, para presentar alegacións e solicitar a súa revisión.

Recursos: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

De conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) o Tribunal acorda convocar aos aspirantes para a realización da **Terceira Fase: proba de coñecemento da lingua galega, o 13 de xuño de 2023, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello de Ordes.**

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as catorce horas do día ao principio sinalado.

Ordes, documento asinado dixitalmente

A Presidenta,
María Mónica Iglesias Prego.

A secretaria,
Pilar Rey Rodís.